



Deputación
DA CORUÑA

Nº 63
24/10/2018

Boletín de Medio Ambiente



Fervenza de Sampaio ou Entrecruces

Concello: Carballo

Río: únense dous regatos pequenos, o Rego Outón e o Rego Calvos, formando así o Rego Grande.

Características: Antes de deléitarnos da fervenza, pasaremos polo Muíño de Entrecruces e chegaremos a unha área de recreo que se localiza ao pé da fervenza, xunto a outro muíño de auga.

Altura: 40 metros.

Noticias

O sistema alimentario é unha ameaza para a natureza

O 91% dos cidadáns descoñece que a maneira na que comemos, producimos e desperdiciamos os alimentos supón a maior ameaza para o noso planeta. A pesar de empregar o 34% da terra, consumir a 69% da auga e ser a principal causa de deforestación e da perda dos hábitats naturais, 1/3 de todos os alimentos producidos non se consumen, denuncia WWF.

A enquisa, realizada a 11.000 persoas arredor do mundo, revela que ata o 11% dos xóvenes non considera que o sistema alimentario constitúa unha ameaza para a natureza, e un 40% estima que o impacto non é significativo. Só as persoas maiores de 55 anos mostran unha maior falta de conciencia sobre o tema.

Fonte: ABC

21 mozos sintan no banco a EEUU polo cambio climático

Un grupo de adolescentes leva a xuízo á Administración de Trump nunha vista inédita polo quecemento global. Un fito inédito que marca un antes e un despois na loita legal contra o cambio climático.

A base xurídica do caso reside no concepto de fideicomiso público: "o público é propietario dos recursos naturais. É o Goberno o que debe xestionar eses recursos como fideicomisario para os cidadáns presentes e as xeracións futuras. Si próbase que o Goberno alterou a atmosfera e o sistema climático, violaría ese fideicomiso público que debe aos cidadáns", explica Mary Wood, profesora da Universidade de Oregón.

Fonte: El País

Atopan unha medusa co envoltorio dun paquete de tabaco no seu interior

O nome da empresa tabacaleira obsérvase na tira translúcida do envoltorio dun paquete de cigarros fotografado dentro dunha medusa luminescente que nadaba polo mar Mediterráneo.



Máis de oito millóns de toneladas de plástico chegan ao océano cada ano, o que dificulta que os animais como as medusas esquíveno. Os científicos creen que os animais o consumen porque se parece ás súas presas: as tartarugas comen bolsas de plástico parecidas a medusas e os peixes consumen plásticos do tamaño dun gran de arroz que se parecen á súa comida habitual.

Fonte: National Geographic

O Goberno declara 7 novas especies en perigo crítico de extinción

A xara de Cartaxena, o alcaudón mozo, a náxade auriculada, a cerceta pardilla, o visón europeo, a nacra común e o urogallo cantábrico xa se consideran oficialmente especies en situación crítica de extinción, segundo a orde do Ministerio para a Transición Ecolóxica que publicou recentemente o BOE.

Así, segundo o previsto, estas especies serán obxecto de accións e proxectos de recuperación e conservación que terán a consideración de interese xeral e a súa tramitación será urxente.

Fonte: ABC

Italia pon a primeira multa do mundo por obsolescencia programada

O organismo italiano encargado da protección dos consumidores detecta que ambos os fabricantes "causaron fallos de funcionamento graves e reduciron significativamente o rendemento" con actualizacións de *software*.

Italia multou aos fabricantes de dispositivos electrónicos *Apple* e *Samsung* (con 10 millóns e 5 millóns de dólares respectivamente) tras detectar que instalaron actualizacións do seu *software* para provocar que perdesen eficiencia con máis rapidez.

A sanción a *Apple* é maior ao non informar aos seus usuarios da deterioración da batería dos dispositivos que implicaba a instalación das actualizacións de *software*. No entanto, ningún dos dous fabricantes deu opción aos usuarios de volver á versión previa á actualización tras detectar a perda de capacidades do dispositivo.

Fonte: El Diario

Sabías que...

o aguacate consome cinco veces máis auga que un piñeiro?

O número de hectáreas cultivadas de aguacate no mundo pasou de 381.000 a 564.000 entre 2006 e 2016. O incremento da produción ante a elevada demanda levou á perda de biodiversidade, contaminación e erosión do chan e danou o ciclo natural da auga en países como México, República Dominicana, Perú e Colombia.

Campaña de famosos contra os plásticos

National Geographic España impulsa en redes sociais unha campaña contra os plásticos. Nesta campaña pediuse aos famosos que se sitúen ante a pregunta "Planeta ou plástico?", e propuxo a todos eles "que se poñan no lugar das tartarugas mariñas" mediante unha fotografía na que se lles vexa mordendo plástico.

A campaña pretende "inspirar á comunidade" a compartir tamén "as súas boas prácticas" en redes sociais, para "visibilizar" a ameaza global que o plástico "supón para os océanos". A cantante Niña Pastori, o actor Fernando Tejero ou o deportista Iker Casillas, sumáronse recentemente ao reto.

Fonte: 20 Minutos

Nenos, veciños e empresas retiran da praia de Caión 1.500 plásticos e 75 vidros

Máis de 120 alumnos de dous colexios de Infantil e Primaria e profesores participan na Limpeza Simultánea de Praias que organiza Adega.

Atoparon máis de 1.500 plásticos. Case 2.300 pezas de plástico e microplástico, 116 tapas, así como 175 bolsas e envoltorios, sumáronse a un total de 136 cordas e 75 pedras de vidro. Pequenos e maiores tamén recolleron 357 cabichas, 26 obxectos e artes de pesca e 27 pezas de papel de aluminio. En bolsas e cubos tamén meteron un bo número de latas, botellos de cervexa, botellas de viño e zapatillas de deporte. Ademais a súa presenza no areal salvoulle a vida a un animal: entre as algas atopáronse a unha nutria, que parecía enferma, e avisaron ao centro de recuperación de fauna.

Fonte: La Opinión Coruña

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal

Boas Prácticas

Novos drones que espían o litoral en busca de lixo

O proxecto *LitterDrone*, cofinanciado pola Comisión Europea, pon a proba en Galicia un sistema innovador de limpeza do medio natural.

As imaxes obtidas mediante os drones son procesadas a través dun *software* especializado de recoñecemento de imaxe que permite unha caracterización do lixo mariño achada nas mostraxes. Así os organismos pertinentes poden implementar medidas de prevención e mitigación contra o lixo mariño. Ademais, o uso de drones permitiría estudar praias de difícil acceso, sobre todo no inverno, e aumentar a frecuencia das campañas de recollida de residuos.

Fonte: La Vanguardia

Axenda Ambiental

- 26/10/2018 – 28/10/2018 III Encontro Internacional do Lixo Mariño. Oleiros
- 26/10/2018 – Climathon Galicia 2018
- 26/10/2018 – 27/10/2018 IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo. Santiago de Compostela
- 6/11/2018 Xornada "Coñecendo a memoria viva da Terra: A importancia do patrimonio xeolóxico".